

Ciclo expositivo

  
alterarte  
Posición Concepción Ramón Amat  
Campus Universitario de Ourense  
Horario: lunes a viernes de 9 a 21 horas

# : materia e tempo [m]<sup>t</sup>

Coordina Xavier Blanco Sierra



## LSYTSDA ^

UN ENSAIO VISUAL SOBRE A MOBILIDADE HUMANA

NATASHA  
LELENCO

24 SET · 13 NOV 2026

***Cabe supoñer que, cando os nosos antepasados chegaron a ser plenamente humanos, xa eran migrantes.***

William H. McNeill,  
*A migración humana na súa perspectiva histórica.*

Durante centos de miles de anos percorremos longas distancias e, se o miramos ben, seguimos facéndoo hoxe. Hai apenas dez anos falábase dunha antigüidade duns 200.000 anos para *Homo sapiens*; hoxe sabemos que a nosa historia se remonta polo menos 300.000 anos e que as poboacións humanas se desprazaron durante milenios entre distintos territorios de África antes de se expandiren cara a outros continentes. Os asentamentos sedentarios chegaron moito despois, pero a mobilidade nunca desapareceu: cando a vida o esixe, seguimos buscando outro lugar onde poder vivila.

Os motivos desa mobilidade son incontables. Houbo migracións en todas as épocas e con formas ás veces ben curiosas: migracións predominantemente masculinas, como as vinculadas á expansión militar romana; migracións só de

mulleres novas, como as *Filles du Roi* ou a *Operación Marta*, que desprazaron mulleres solteiras de Francia ao Canadá e de Galicia e do País Vasco a Australia, respectivamente; políticas de colonización baseadas en migracións familiares, como as levadas a cabo por Catarina a Grande, que trasladaron familias enteiras de Alemaña a Rusia; e outras tantas: migracións estacionais, rurais, urbanas ou transcontinentais. Tamén nos desprazamos como pobos enteiros, voluntariamente ou pola forza. Ás veces abondaba cun sinal do Inca no Perú ou cunha decisión do Politburó na Unión Soviética para desprazar etnias enteiras dun extremo ao outro do continente.

A complexidade da mobilidade humana é tan vasta como a propia experiencia humana.



Como migrante de Moldavia a España, o tema atrávesame en primeira persoa. Pero, ao indagar nas historias individuais, xorde inevitablemente unha pregunta: hai alguén que poida afirmar que non é ou non descende de migrantes? Eu nacín en Chişinău, pero os meus pais xa migraran do rural á cidade.

E falamos de mobilidade, pero de cantas historias falamos? De cantos desexos de superación, de mellora ou simplemente de supervivencia? De arriscalo todo, mesmo a propia vida, a cambio de marchar. E, como a vida mesma, estas historias contéñeno todo: incerteza, medo, felicidade, desacougo, plenitude, desexo, humor... e tantas, tantas outras cousas.


Hai, ademais, na figura da persoa migrante algo da estrutura do heroe: a perda, as probas, a adaptación e, ás veces, o regreso. Migrar implica con frecuencia unha viaxe non só física, senón


tamén psicolóxica, na que unha persoa debe pasar por situacións extraordinarias para ter unha vida ordinaria. O psicólogo Joseba Achotegui denomina precisamente *síndrome de Ulises* ao conxunto de procesos de dó asociados a esta experiencia.

Este proxecto aborda a mobilidade desde a multiplicidade que a define, porque hai demasiadas capas, demasiadas formas de desprazarse, demasiadas historias. E parte tamén dun desexo moi sinxelo: compartir a experiencia migratoria con outras persoas que a viviron; escoitar, sen máis, o que contan outras persoas que, coma min, nalgún momento marcharon cruzando países xunto aos seus fillos, soas ou como fose.

Escoito as súas historias e son tamén miñas, porque eu tamén podería ter sido Émilie ou Aicha.

Por iso este é un proxecto de moitas, moitas capas. Hai





audiovisual, hai pintura, hai lectura e escritura, hai múltiples linguaxes.

Utilizo a moeda como dispositivo plástico e simbólico porque é un obxecto cuxo valor reside no sistema colectivo que o sostén. A moeda circula, cambia de mans e leva implícita unha cuestión que atravesa todo o proxecto: como construímos o valor das cousas e, por extensión, o valor que concedemos ás persoas.

E utilizo a cara da moeda porque me permite poñerlles cara ás persoas que forman parte dun fenómeno que só pode ser obxecto de rexetamento desde a distancia emocional que facilita a súa anonimización.

O retrato de perfil remite á tradición numismática e ás figuras ás que historicamente se lles concedeu o privilexio de ocupar ese espazo de representación. Ricardo Falcinelli fala, ademais, do perfil como a

posición propia do personaxe narrativo: alguén que é visto pero non é consciente de estar sendo visto, pois está inmerso na historia, sen establecer co espectador o diálogo directo que produce a frontalidade. Nas miñas moedas son precisamente persoas correntes as que ocupan ese lugar, cada unha coa súa historia.

Dispostas en paneis, a repetición constrúe unha primeira lectura baseada na cor e no ritmo. Desde a distancia, os rostros poden confundirse nun patrón; ao achegarse, aparece outra cousa: aparece o tempo, a dedicación coa que abordei cada unha das pezas, a súa singularidade; un pouco como cando atopas unha persoa entre a multitude e, só ao coñecela, se fai posible o vínculo.

En última instancia, interésame a tensión entre individuo e colectivo: do mesmo xeito que unha moeda illada ten un valor limitado e é a súa acumulación a que o crea, cada retrato

forma parte dunha estrutura maior. Esa acumulación sèrveme para falar de comunidade: un conxunto de vidas distintas que, ao apareceren as unhas xunto ás outras, adquiren unha dimensión coral.

Remato estas palabras volvendo á miña propia vida, recordando (volvendo pasar polo corazón, como di Galeano) *Lia-Ciocârlia*, a coral que, cando era nena, me distraía das precariedades da caída dun sistema e, a cambio, me enchía a cabeciña de cousas como música, arte ou cultura. Daquelas nenas que cantabamos xuntas sei que hoxe algunha vive en Bélxica, outras en Suíza, Italia ou España, como é o meu caso. Ao mirar os retratos e escoitar as

voces desta instalación, recoñezo algo daquela experiencia de formar parte dun coro. Cada voz tiña o seu lugar entre as outras.

Quizais por iso, cando traballo con estas multitudes, nunca sinto que as estea mirando desde fóra. E iso é o que quero facer con esta instalación: buscar a harmonía que une todas estas historias singulares e invitar a quen a visite a buscar a música, acompañala e identificar a súa propia voz como unha parte máis do conxunto.



**Grazas ás persoas que compartiron os seus relatos e fixeron posible este proxecto:**

### **Voces e retratos da instalación audiovisual**

Andrea Carolina Pavón · Cătălin Oprea · Diana Camila Ugaz · Douchan Fofana · Edugriel Emperatriz Acevedo · Eric Manuel · Fátima Pérez Piñón · Ibrahim Adamuu · Isyan Germán Lugo · Joe Sebastián Castro · José Antonio Mendoza · Mariana Oprea · Mia Melissa Espinosa Izquierdo · Pablo José Varela · Papa Yata Boye · Veruzka Méndez

### **Persoas entrevistadas e retratadas**

Adriana Patricia Gil Bedoya · Alana Pérez · Ana Rosa Machado Vásquez · Catalina Oprea · Celsusy · Crespo Rodríguez · Daniela Treszezamsky Soto · Denisa Maia Luca · Doralkis Batista Silva · Dugribel Euclimar Acevedo · Edalyxi · Ezgi Tanriverdi · Fatu Sadjí · Fernando Carrillo Ugarte · Fernando Mouríño Pérez · Filipa Regal · Hadj Mohamad Boule · Helena Sun Wang · Inês Oliveira Regal · Juan Roberto Vanegas · Juan Sebastián Rivera · Kay Woo · Lilit · Lorena · Maite Andrea Muro · Mame Birame Dieng · María Penélope Fábregas Izquierdo · Masakazu Shida · Melany Gabriela Petit · Nati Amini · Nati Berger · Olga Gezha · Pablo Galeano · Pelucas Pilas Bubbles · Raimel Morales · Yeslibeth González · Yodier Alexander Cano Rivera



**LSYTSDA – Alterarte** é a instalación piloto dun proxecto que terá continuidade no Museo Etnolóxico de Ribadavia e, en 2027, desenvolverá unha nova fase de produción no Cono Sur, con exposicións no Museo de las Migraciones de Montevideo e no Museo de la Universidad Nacional de Tres de Febrero de Buenos Aires.

### **Autoría e autocomisariado**

Natasha Lelenco

### **Dirección de produción**

Casa das Peritas / Tomás Lijó

### **Equipo de produción e vídeo**

Helena Amorós, Sara Barja, Silvia Domínguez,  
Pablo Galeano, Brais García Armada, Carmen  
González, Catalina Oprea e Nahiara Prieto

### **Son**

Xabier Olite

### **Deseño de actividades de mediación**

Uxía Fernández Piñeiro  
Departamento de Didácticas Especiais  
Universidade de Vigo

### **Coordinación e produción na Sala Alterarte**

Filemón Rivas